

Inauguración do Punto UOC Vigo

19 de setembro de 2018

[IMPACT HUB VIGO Camelias 70, Bajo 36211 Vigo](#)

Sobre o evento

A UOC inaugurará o vindeiro 19 de setembro de 2018 o seu primeiro Punto UOC en Galicia, co que potenciará a súa presenza nesta comunidade. O Punto UOC Vigo estará situado na sede do [Impact Hub Vigo](#).

Un Punto UOC é un espazo de referencia da universidade, dentro dunha entidade que nos acolle (neste caso, Impact Hub Vigo). Ofrece información xeral sobre a oferta formativa da UOC, algúns servizos para estudantes e unha programación

de actividades de difusión do coñecemento abertas ao público.



No marco da presentación desta alianza entre a UOC e o Impact Hub Vigo, terá lugar unha sesión inaugural, cunha xornada coloquio centrada na Saúde Dixital, un dos temas con maior proxección social e no que a UOC levou a cabo unha grande aposta coa creación do [eHealth Center](#).

Para celebrar a apertura deste Punto UOC, terán lugar as seguintes actividades que podedes consultar na pestana Programa desta mesma web:

09.00h Inauguración do Punto UOC Vigo

09.45h Mesa redonda "Como acelerar os servizos de saúde dixital cando a tecnoloxía xa non é o problema"

18.30h Xornada de acollida de novos estudantes

20.00h Encontro da comunidade UOC en Galicia

Programa

09.00h – 09.45h Inauguración do Punto UOC Vigo

09.00h Recepción e café

09.30h Inauguración do Punto UOC Vigo coa participación de:

- Dra. **Marta Aymerich**, vicerreitora de Planificación Estratéxica e Investigación da UOC e Presidenta do Consello de Dirección do eHealth Center
- **Patricia Díaz**, co-fundadora e responsable de proxectos de Impact Hub Vigo
- **Jaime Aneiros**, concelleiro de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo

09.45h – 11.30h Mesa redonda "Como acelerar os servizos de saúde dixital cando a tecnoloxía xa non é o problema"

Relatores:

- **Manuel Armayones**, Director de Desenvolvemento do e-Health Center da UOC
- **Lucía Maneiro**, CEO PsicoVR
- **Alejandro García Caballero**, Psiquiatra, profesor da Universidade de Santiago de Compostela
- **Felipe Iglesias**, Enfermeiro do Hospital Álvaro Cunqueiro e emprendedor
- **Juan Carlos Novoa Banga**, Experto Farmacéutico en vendas, Market Access & MKT. Commercial Data Solutions
- Modera: **Rodrigo Gómez**, Directivo experto en xestión da innovación e coñecemento no sector da saúde

Desde a Fila 0 participarán no debate:

- **Alberto Borrego**, Director de Desenvolvemento de Negocio en Everis Health
- **Suso Pérez González**, Responsable da Investigación de Mercado en I+D en INSULCLOCK
- **Luis Barros**, Director de Innovación de ATENDO
- **Gisela García**, Xerente do Clúster de Saúde de Galicia

18.30h – 20.00h Xornada de acollida de novos estudantes

A cargo de Jorge Bronet, Delegado da UOC para Galicia

20.00h – 21.30h Encontro da comunidade UOC en Galicia

Portas abertas do Punto UOC

Sesión de networking con petiscos

Relatores



Marta Aymerich
Vicerreitora de Planificación Estratégica e Investigación da UOC

É doutora en Medicina e Cirurxía (UAB, 2002), máster en Avaliación e Xestión de Servizos Sanitarios (UAB, 2001), máster en Saúde Pública (Universidade de Harvard, 1999) e diploma de posgrao en Política Social (UAB, 1995).

É membro do grupo de investigación Laboratori de Medicina Translacional i Ciències de la Decisió (TransLab) da Universitat de Girona, onde foi profesora asociada da Facultade de Medicina de 2009 a 2014.

Foi directora da Agència de Qualitat i Avaluació Sanitàries de Catalunya (2006-2008), onde desenvolveu a súa carreira profesional como investigadora desde 1995. Foi directora do Consell Interdepartamental de Recerca i Innovació Tecnològica (CIRIT) da Generalitat de Catalunya (2004-2006) e vicesecretaria da Acadèmia de Ciències Mèdiques i de la Salut de Catalunya i de Balears (1997-2002).




Manuel Armayones, eHealth Center
Director de Desenvolvemento do eHealth Center e director de programa de Psicoloxía Xeral Sanitaria.

Profesor dos Estudos de Psicoloxía e Ciencias da Educación da UOC. Foi seleccionado por HIMSS Europe como un dos cincuenta líderes europeos no ámbito da saúde e as novas tecnoloxías.

É o profesor responsable da docencia das materias da área de coñecemento Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico e profesor do Doutoramento sobre Sociedade do Coñecemento e da Información que imparte a UOC.

O seu labor investigador realízao no marco do grupo de investigación PSiNET, que ten como principais obxectivos coñecer os estilos de vida, a saúde e a calidade de vida dos cidadáns/ás da Sociedade do Coñecemento, así como a avaliación de Internet como un medio de transmisión útil para promover estilos de vida saudable a partir do deseño e aplicación de intervencións online.




Rodrigo Gómez, directivo experto en xestión da innovación e coñecemento no sector da saúde

Xestor do cambio. Dinamizou nos últimos anos un modelo de xestión da innovación e talento dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Coordinou máis de 35 proxectos de innovación en servizos asistenciais colaborando directamente con máis de 350 profesionais

(sanitarios/non sanitarios/usuarios/pacientes), en busca da mellora dos servizos. Ten xestionado proxectos de compra pública innovadora e captado financiación para levalos a cabo.



Lucía Maneiro, CEO PsicoVR

PsicoVR céntrase nun software desenvolto para lentes de VR destinado a ser utilizado por psicólogos no tratamento de fobias, ansiedade, estrés e patoloxías relacionadas, sendo os únicos que ofrecemos terapias adaptadas aos lentes de VR máis potentes do mercado, Oculus Rift CV1, elixidos pola interacción e inmersión total que producen, combinados co uso dun sensor (Leap Motion) que captura os movementos das mans do paciente.

Mediante o uso da VR, o paciente visualiza escenarios específicos e únicos para cada problemática da que estea a ser tratado, logrando con este método unha sensación “presencial” que transporta as persoas que a experimentan a un mundo que construímos e modificamos a vontade. Con só un clic, os psicólogos parametrizan estímulos e controlan a situación, xa que os tratamentos son personalizables en diferentes graos e dificultade, e teñen a posibilidade de seleccionar o escenario adecuado á problemática a tratar.



Alejandro García Caballero, psiquiatra, profesor na USC

Rehabilitación de cognición social en esquizofrenia e tbi; análises de palabras (LIWC); neuropsicoloxía: prexuízos culturais e lingüísticos; psicoxeriatría: poli-medicación; adaptación psicolóxica á migración de retorno. Profesor asociado na Universidade de Santiago de Compostela.



Felipe Iglesias Pernas, enfermeiro do Hospital Álvaro Cunqueiro, emprendedor

Enfermeiro do servizo de urxencias hospitalarias do Hospital Álvaro Cunqueiro con experiencia en hemodiálise, médico-cirúrxica e atención primaria desde 2001. Deseñador gráfico freelance, deseño publicitario e editorial desde 1996. Consultor IT de PEMES desde 1997. Formador de cursos de RCP.



Juan Carlos Novoa Banga, Pharma expert in Sales, Market Access & MKT. Commercial Data Solutions

Cunha ampla experiencia e visión do Sector Farmacéutico, onde traballou en algúns dos chamados Big Pharma, como Novartis, MSD (Schering-Plow) e Pfizer. Actualmente en Takeda. Ha ter varias responsabilidades na área comercial, en marketing, xestión de proxectos e na área actual e crecente de Access Market.

Tamén participou en proxectos innovadores en Novartis a nivel mundial, dende a dixitalización e implementación das TIC en comunicación cos profesionais da saúde ata a implantación de novos modelos estruturais e organizativos na área comercial.

É membro do equipo multidisciplinar dedicado á innovación en Novartis, chamado iTEAM.



Alberto Borrego (Fila 0), Director de Desenvolvemento de Negocio en Everis Health

Buscando solucións para os principais retos sanitarios e sociais do noso tempo. Desenvolvemento de Negocio e Innovación en eHealth. Clúster de Saúde de Galicia.



Suso Pérez González (Fila 0), Responsable da Investigación de Mercado en I+D en INSULCLOCK

Diplomado en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela.

É responsable da investigación de mercado de I + D en INSULCLOCK, onde é responsable do desenvolvemento da marca en Galicia e no norte de España. Tamén é delegado en IEGalicia OpenFuture e Vodafone Connecting for Good Galicia e responsable

da planificación do mercado. Ademais, é o tesoureiro do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia COTSG.



Luís Barros (Fila 0), Director de Innovación de ATENDO

"You may say I am a dreamer, but I am not the only one..."

Penso que esta frase de "Imagine" define a miña actualidade, na que me atopo soñando e compartindo soños para poder cambiar o mundo da atención ás persoas maiores.



Gisela García (Fila 0), Xerente do Clúster de Saúde de Galicia

Bioquímica con máis de dez anos de experiencia en diversas áreas de investigación como parte de equipos interdisciplinarios en contextos académicos, hospitalarios e farmacéuticos. Desenvolvemento e comunicación de investigacións centradas no paciente con obxectivos e prazos claros.

Autora de publicacións científicas e participación en revistas de investigación e comunicación en liña. Organización e MC de simposios, talleres, cursos prácticos de laboratorio e facilitadora de clases TEAM Lead. Voluntaria do programa STEM do Comité das Nacións Unidas de Singapur para o Coñecemento das Ciencias, a Tecnoloxía, a Enxeñería e as Matemáticas.



Jaime Aneiros (Concelleiro de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo)

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, Doutor europeo en Dereito, sendo o primeiro no ámbito xurídico pola Universidade de Vigo. Especialista en Dereito de Empresa y Fiscalidade Internacional (Transfer Pricing, Holding Companies y Permanent Establishments).

É profesor de Dereito Financeiro e Tributario na Universidade de Vigo e abogado especialista en Dereito Tributario.

Colabora con empresas e despachos de abogados y asesores fiscales, así como A Federación Española de Asociaciones de Técnicos Tributarios e Asesores Fiscais FETAFF. Imparte e impatiu docencia en universidades europeas e latinoamericanas. Foi Vicedecano de Asuntos Económicos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Actualmente é Concelleiro responsable de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo.



Patricia Díaz (Co-Fundadora e responsable de proxectos de Impact Hub Vigo, Socia fundadora de Contextos Innovación Social)

Co-Fundadora de Impact Hub Vigo, red global de innovación social, dende onde traballa para construír un entorno único de traballo colaborativo, aprendizaxe e creatividade para inspirar e conectar a persoas e organizacións locais e internacionais que comparten a visión de xenerar un impacto social e ambiental positivo e sostible.

Co-organizadora en Galicia do programa orientado ao fomento do emprendemento social da Organización Internacional sen ánimo de lucro Startup Pirates.

Socia fundadora de Contextos Innovación Social, consultoría de innovación social especializada na identificación de tendencias, información estratéxica e novas ferramentas e metodoloxías aplicadas á xestión e execución de proxectos de innovación con impacto social.
